



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

“FOMENTO DAS DESTREZAS ORAIS EN LINGUAS ESTRANXEIRAS”

SESIÓN 1: TICs para potenciar o oral

CFR DA CORUÑA

Martes 20 de febreiro de 2024. 18h-21h.

Marco Vélez Barreiro
(EOI da Coruña)

Presentación da sesión 1

Esta sesión pretende ser unha introdución ao curso que impartiremos os profesores Beatriz Arboleya, Modesto Corderi e Marco Vélez. Será a primeira de catro sesións:

- 1) SESIÓN 1: 20 de febreiro (Marco Vélez)
- 2) SESIÓN 2: 27 de febreiro (Marco Vélez)
- 3) SESIÓN 3: 28 de febreiro (Modesto Corderi)
- 4) SESIÓN 4: 7 de marzo (Beatriz Arboleya)

Nas dúas sesións que me competen (1 e 2), farei unha breve introdución ao curso na que repasaremos as distintas destrezas ou actividades de lingua do MCERL. Logo, centrarémonos na mediación e abordaremos como traballala mediante o uso das tecnoloxías educativas.

Nas sesións 3 e 4, os meus compañeiros Bea e Modesto abordarán como traballar as destrezas orais desde o teatro e a dramatización cos nosos alumnos, de maneira divertida e motivadora.

Obxectivos

- Reflexionar sobre a importancia das destrezas orais no ensino de linguas modernas.
- Descubrir a mediación lingüística, a súa natureza e as súas posibilidades na aula.
- Aprender a potenciar a mediación, a produción e a coprodución orais mediante a aula virtual e mediante Audacity.

Contidos

- A mediación no ensino de linguas modernas.
- Exemplos de mediación: a súa integración na EOI e nas probas de certificación.
- Os recursos “tarefa” e “podcast” de Moodle para traballar a mediación e a produción orais. A aplicación “Online voice recorder”.
- O editor de audio “Audacity”.

Temporalización

18h-19h: Introdución ao curso e ao concepto de mediación. Exemplos.

19h-20h: Moodle: Tarefas e podcasts.

20h-21h: Audacity.

Avaliación

O profesorado participante terá que levar a cabo unha pequena tarefa que poderá opcionalmente achegar para a súa avaliación. O feedback resultante será accesible a través da aula virtual do CFR da Coruña e a cualificación quedará reflectida no caderno de cualificacións da mesma.